



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2025

En relación coa convocatoria das subvencións de referencia (publicada no BOP de Lugo nº 200, do 1 de setembro de 2025), a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2025, acordou:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade do seguinte teor:

“I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 8 de agosto de 2025, adoptou, entre outros o seguinte Acordo:

1º.- *Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2025, dotado con 385.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2025.*

2º.- *Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.*

3º.- *Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.*

4º.- *A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.*

5º.- *A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:*

- 350.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- 35.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025.

A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, o 1 de setembro de 2025.

II.- Como consecuencia das ditas publicacións, recibíronse no Rexistro da Deputación 186 solicitudes de subvencións.

En cumprimento do establecido na Base 9 das canalizadoras das subvencións, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisando as solicitudes presentadas e verificando que estas contiñan a documentación esixida na Base 7.

Resultando que a documentación de varios expedientes estaba incompleta ou defectuosa, requiriuse ás solicitantes para que, no prazo de dez días hábiles, achegaran a documentación necesaria ou emendaran os defectos observados.

Completados os expedientes coas contestacións aos ditos requirimentos e realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe procederse á estimación ou, no seu caso, desestimación das solicitudes, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe, no que se determinou as solicitantes que se atopaban na situación que fundamentaba a concesión das subvencións ou nas que concorían as circunstancias e se cumprían as condicións e requisitos previstos nas Bases canalizadoras de aquelas para poder ser as súas beneficiarias.

III.- Á vista dos expedientes das ditas solicitantes e en virtude do disposto na Base 9 das canalizadoras das subvencións, a Comisión procedeu á súa avaliación, en sesión constituída ao efecto o día 24 de novembro de

2025, utilizando para elo os criterios de valoración establecidos na Base 8 das canalizadoras das subvencións, e emitindo informe no que se concretou o resultado de aquela e a prelación das solicitudes.

Por todo canto vai exposto, á vista do expediente e do citado informe da Comisión de Avaliación prevista na Base 9 das canalizadoras das subvencións, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1. Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2025, en favor das beneficiarias, para os gastos e nas contías que se relacionan no anexo I a esta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 8 da convocatoria, segundo a especificación que consta na Acta da Comisión de Avaliación.
2. Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no anexo II desta Proposta.
3. Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, o que será publicado no BOP de Lugo en na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.
4. Notificar este Acordo provisional ás interesados, por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

ANEXO I

RELACIÓN DE BENEFICIARIAS							
Nº expediente	NIF	Solicitante	Puntuación final	Importe investimentos	Gastos correntes	Importe subvención	Concepto subvencionado
2025/CCP_01/001397	J27489848	Ganadería García Díaz SC	23,40	12.000,00		12.000,00	49 colares monitorización, 5 cargadores e baterías
2025/CCP_01/001390	J27517903	Ganadería Chao do Cobo SC	22,10	3.006,85		3.006,85	10 colares monitorización
2025/CCP_01/001436	***9914**	Rosario Celia Rey López	19,55	6.000,00		6.000,00	Curro, 1 manga, 5 comedeiros
2025/CCP_01/001472	***0657**	Vanesa Otero Campello	19,55	5.602,62		5.602,62	1 manga, 3 comedeiros, 2 bebedoiros
2025/CCP_01/001350	***3640**	Vanesa Balseiro Vivero	19,50	1.982,89		1.982,89	1 comedeiro, 1 bebedeiro
2025/CCP_01/001446	***6247**	María Luz Guerreiro Balseiro	19,50	4.765,80		4.765,80	Curro, 1 manga, 1 comedeiro
2025/CCP_01/001387	***8433**	Manuel Capón Cabada	18,40	6.000,00		6.000,00	2 curros, 2 bebedoiros
2025/CCP_01/001435	***8035**	Miguel Camba López	18,40	4.039,00		4.039,00	Curro, 1 manga
2025/CCP_01/001430	***2001**	Ricardo Veiga Logilde	18,20	5.639,45		5.639,45	2 comedeiros, 5 bebedoiros, 12 barreiras (vallas) manexo
2025/CCP_01/001450	J27390707	Explotacións Gandeiras Soli Sociedad Civil	18,20	12.000,00		12.000,00	15 colares monitorización, curro, 1 manga, 2 pasos canadenses
2025/CCP_01/001490	J27478957	Granxa Teixeiro e Pistón SC	18,20	11.468,00	532,00	12.000,00	20 colares monitorización, 2 bebedoiros móbiles adaptados, subscripción app monitorización
2025/CCP_01/001339	***4888**	Víctor Valcarcel Fernández	17,25	6.713,52		6.713,52	7 colares monitorización, 1 manga, 1 comedeiro
2025/CCP_01/001360	***8076**	Rubén Pérez Gutiérrez	17,25	6.000,00		6.000,00	1 manga, 1 refuxio modular
2025/CCP_01/001391	J44877116	Ganadería Os Samordas SC	17,25	1.781,72		1.781,72	2 bebedoiros
2025/CCP_01/001384	***1296**	José Constantino Fente Guerra	16,95	1.070,25	107,02	1.177,27	1 pastor con placa, malla, 1 manga, desbroces
2025/CCP_01/001355	J27371962	Loureiro SC	16,90	9.302,94		9.302,94	23 colares monitorización
2025/CCP_01/001449	***6132**	Sandra López López	16,90	5.835,63		5.835,63	1 pastor, 200 estacas, arame electrificado, ailladores, 2 comedeiros

2025/CCP_01/001457	***6642**	Jorge Ánguez Grases	16,90	4.943,63		4.943,63	2 refuxios
2025/CCP_01/001469	***5124**	Antonio Rodríguez Sánchez	16,90	4.811,80		4.811,80	Colares monitorización (non indica cantidade)
2025/CCP_01/001486	***6837**	María Carmen Rodríguez Tomé	16,90	6.000,00		6.000,00	185 estacas, malla, 1 manga
2025/CCP_01/001445	***8244**	Noel Rivera Herbón	16,84	1.694,53		1.694,53	1 comedeiro
2025/CCP_01/001364	***3800**	Nuria Pin Blanco	16,10	1.908,17		1.908,17	1 manga
2025/CCP_01/001392	***9504**	Francisco Javier Fraga Corbelle	16,10	3.184,72		3.184,72	1 pastor, 1 curro
2025/CCP_01/001416	***3741**	Alberto Pena Ares	16,10	6.000,00		6.000,00	Curro, 1 manga
2025/CCP_01/001422	***5182**	María Mar Orosa Pérez	16,10	10.281,50		10.281,50	Curro, 1 manga, 1 comedeiro, 2 bebedoiros, 3 pasos canadenses
2025/CCP_01/001424	***7001**	Manuel Chao Camba	16,10	2.957,24		2.957,24	Curro, 1 bebedeiro
2025/CCP_01/001429	***0675**	María Elena Santoalla Bargados	16,10	5.280,80	528,08	5.808,88	1 pastor, curro, 2 comedeiros, 2 bebedoiros, rozas
2025/CCP_01/001413	***9640**	Juan Carlos Otero Cabanas	15,77	5.212,98		5.212,98	1 manga, 2 comedeiros
2025/CCP_01/001415	J27443613	Pazo Coira SC	15,60	2.790,86		2.790,86	1 pastor, 300 estacas, elementos peche (fio pastor, ailladores, kit porta)
2025/CCP_01/001421	***1943**	Alejandro Salvatierra Fernández	15,60	2.069,10	206,91	2.276,01	10 colares monitorización, suscripción app monitorización
2025/CCP_01/001440	J27442334	Gandeiría Barro SC	15,60	863,55		863,55	1 pastor, malla
2025/CCP_01/001443	***9573**	Esteban Arturo Prieto Ferreiro	15,60	6.000,00		6.000,00	1 manga, 1 comedeiro, 14 colares monitorización
2025/CCP_01/001480	***5061**	Isaac Losada Rey	15,60	6.000,00		6.000,00	1 pastor con alimentación, 40 estacas, malla, 2 comedeiros, 3 bebedoiros, 1 tolva, vallas manexo
2025/CCP_01/001419	***0493**	Luis Fernández Fernández	15,22	4.940,00		4.940,00	1 refuxio, 1 refuxio modular móbil
2025/CCP_01/001381	B02793206	Ganadería Autóctona SLU	14,95	12.000,00		12.000,00	39 colares monitorización, 1 manga
2025/CCP_01/001409	J70955133	Piorno Amarelo SC	14,95	1.310,43		1.310,43	Curro
2025/CCP_01/001389	***2484**	José Ángel Barreira Botana	14,30	2.729,76		2.729,76	1 manga, 1 comedeiro
2025/CCP_01/001410	***5059**	Juan Carlos Díaz Ramil	14,30	2.931,22		2.931,22	Curro, 1 manga
2025/CCP_01/001475	***5997**	Maite Rubín Cabo	14,30	6.000,00		6.000,00	Curro fixo, curro móbil, 3 comedeiros, 4 bebedoiros, 1 tolva, 1 refuxio
2025/CCP_01/001491	***9758**	Michele de Oliveira Rodrigues	14,30	12.000,00		12.000,00	2 pastores con alimentación, malla, 24 colares monitorización, 1 manga, 2 refuxios
2025/PES_03/017702	***0485**	José Antonio Álvarez Telo	14,00	8.046,00		8.046,00	2 pasos canadenses
2025/CCP_01/001345	***3006**	Manuel López Louxedo	13,80	6.000,00		6.000,00	2 mangas, mallas electrificadas, 61 estacas
2025/CCP_01/001352	J27401694	Ganados Amanei SC	13,80	6.000,00		6.000,00	1 pastor con elemento alimentación, 1 manga, 15 bebedoiros
2025/CCP_01/001365	***6108**	María Josefa Candia Ramudo	13,80	6.000,00		6.000,00	Curro, 2 comedeiros, 1 bebedeiro
2025/CCP_01/001368	J27478205	Gananorte Montouto SC	13,80	6.000,00		6.000,00	29 colares monitorización

2025/CCP_01/001394	***8112**	Pedro José Pardo Pino	13,80	1.204,02		1.204,02	7 colares monitorización
2025/CCP_01/001425	***0731**	María Soledad Basanta Cabanas	13,80	634,23		634,23	1 pastor con placa
2025/CCP_01/001437	***1921**	Eva Carballido Graña	13,80	6.000,00		6.000,00	Curro, 1 manga
2025/CCP_01/001442	***4483**	Francisco Javier Pérez Orosa	13,80	6.000,00		6.000,00	1 manga, 2 comedeiros
2025/PES_03/017946	***6479**	Ruben Cejudo Fernandez	13,75	1.330,00		1.330,00	1 pastor con alimentación, malla, illadores, fio
2025/CCP_01/001441	***6753**	Iago Álvarez Artime	13,60	1.180,63		1.180,63	1 pastor, 300 estacas, malla
2025/CCP_01/001334	V27106988	Cdade. de Montes Veciñais en Man Común de Laxamoura	13,05	6.000,00		6.000,00	1 curro
2025/CCP_01/001344	J27504620	Pernas Viña SC	13,00	5.747,50		5.747,50	1 curro, 1 manga, 1 comedeiro
2025/CCP_01/001356	***5992**	Cristian Vázquez Abuín	13,00	5.999,66		5.999,66	1 manga, 1 comedeiro
2025/CCP_01/001363	***5117**	Isabel Castiñeira Geadá	13,00	4.289,25		4.289,25	1 pastor, curro, 1 manga
2025/CCP_01/001369	***4980**	Héctor Quiroga González	13,00	6.000,00		6.000,00	540 estacas para valado fixo
2025/CCP_01/001420	***5197**	Óscar Santos Buján	13,00	6.000,00		6.000,00	50 estacas, mallas, curro, 1 manga, 1 tolva
2025/CCP_01/001456	***7576**	María Esther Fernández Díaz	13,00	2.185,00		2.185,00	1 pastor con placa, 600 estacas, malla
2025/PES_03/017939	***9262**	Alejandro Varela Martínez	13,00	6.000,00		6.000,00	2 pastores con alimentación, malla, 1 manga, 6 comedeiros
2025/CCP_01/001462	***8032**	Juan Carlos Díaz Niño	13,00	2.178,30		2.178,30	1 pastor
2025/CCP_01/001432	J27441609	Casa do Alcalde SC	12,75	6.000,00		6.000,00	455 estacas, malla, curro, 1 comedeiro, 2 bebedoiros, 1 refuxio
2025/CCP_01/001487	***5184**	Saúl Rouco Trastoy	12,71	3.150,77		3.150,77	1 pastor con alimentación, mallas
2025/PES_03/018820	***6725**	Rosa María Gómez Gómez	12,65	379,92		379,92	1 pastor
2025/CCP_01/001347	J27508613	Gandería Casa Capador, SC	12,65	2.069,10	206,91	2.276,01	5 comedeiros, 4 bebedoiros, rozas
2025/CCP_01/001351	***7367**	María de las Mercedes Pérez Pérez	12,65	2.873,75		2.873,75	1 manga, 2 comedeiros, 2 bebedoiros
2025/CCP_01/001353	***9633**	Ana Belén Pigueiras López	12,65	2.387,98		2.387,98	1 curro, 1 manga, 1 comedeiro
2025/PES_03/017262	***0576**	Vanessa Guma Carreras	12,65	3.191,01		3.191,01	2 pastores, 10 bebedoiros
2025/CCP_01/001400	J27335116	Casa Fidalgo SC	12,65	5.517,60		5.517,60	1 manga
2025/CCP_01/001444	***7867**	Lucía López Rodríguez	12,25	5.700,00		5.700,00	2 pastores, 5 colares monitorización, 1 comedeiro, 1 refuxio, telera (6 ud)
2025/CCP_01/001359	J27434752	Casa Torre, SC	12,00	979,37		979,37	2 pastores
2025/CCP_01/001485	***4131**	Andrea Ferreiro Fernández	11,90	4.252,00		4.252,00	1 pastor con alimentación, 120 estacas, malla, curro, 1 manga 3 bebedoiros, 2 tolvas
2025/CCP_01/001406	***9441**	José Antonio Fernández López	11,90	5.584,95		5.584,95	500 estacas, malla
TOTAIS				350.000,00	1.580,92	351.580,92	

ANEXO II

Expediente	NIF	Solicitante	Causa desestimación
2025/CCP_01/001326	***8161**	Iván Pérez Fernández	1
2025/CCP_01/001357	***4638**	Marcos Fernández Pereira	1
2025/CCP_01/001373	***9029**	Serafín José Guerra Blanco	1
2025/CCP_01/001423	***3989**	Javier Pacio López	1
2025/CCP_01/001471	***3556**	Víctor Manuel Seijas Vázquez	1
2025/CCP_01/001328	***6722**	Hipólito González López	1
2025/CCP_01/001330	J27410422	Moreira y Montaña SC	1
2025/CCP_01/001337	***3860**	Juan González González	1
2025/CCP_01/001340	***7961**	Francisco Fernández Monteagudo	1
2025/CCP_01/001370	***9469**	Elena Vázquez Blanco	1
2025/CCP_01/001378	***5016**	Balbino Manuel Vilela Núñez	1
2025/CCP_01/001399	***4613**	Javier González Méndez	1
2025/CCP_01/001414	J27511708	Facenda Currodegua e Saragas SC	1
2025/CCP_01/001453	J27471366	Xan das Bouzas SC	1
2025/CCP_01/001479	V27036383	Comunidad del Monte Vecinal en Mano Común llamado Bujo de San Andrés de Baimente en el término municipal de Vivero	1
2025/CCP_01/001466	***7525**	María Elva Jartín Salgado	1
2025/CCP_01/001386	J01599109	Avicava Natur SC	1
2025/CCP_01/001407	Y9258826Y	Cian Francis Brazil	1
2025/CCP_01/001401	***7837**	María del Carmen Pérez Orosa	1
2025/CCP_01/001455	J27489681	Iglesias SC	1
2025/CCP_01/001439	***5509**	Yésica Cela Valcárcel	1
2025/PES_03/017950	***8102**	Sergio Fernandez Vivero	1
025/CCP_01/001477	V27139153	Monte Vecinal en Mano Común de Carballo	1
2025/CCP_01/001377	***9859**	Manuel Cabada Barro	1
2025/CCP_01/001331	***1319**	Jorge Rodríguez Castro	1
2025/CCP_01/001332	***8107**	José Manuel López Juanes	1
2025/CCP_01/001333	***5038**	Manuel Rego García	1
2025/CCP_01/001362	***3806**	Roberto López Ferreiro	1
2025/CCP_01/001366	***6134**	Rubén Carreiras Cordal	1
2025/CCP_01/001372	V27254663	Monte vecinal en mano común de Argomoso	1
2025/CCP_01/001374	***9640**	Agustín Hermida Hermida	1
2025/CCP_01/001417	***8440**	David Rodríguez Méndez	1

2025/CCP_01/001454	***9822**	Alejandro Fernández Reigosa	1
2025/CCP_01/001460	***3619**	Fernando Lorenzo Galdo	1
2025/PES_03/017943	***1569**	Nazario Estoa Fernández	1
2025/CCP_01/001451	***9860**	Olaya Ramos Pernas	1
2025/CCP_01/001385	***9695**	Guadalupe Novo García	1
2025/PES_03/017941	***6895**	María del Carmen Fernández Carreira	1
025/CCP_01/001376	J27418342	Soñara SC	1
2025/CCP_01/001438	***8087**	Paula Regal Montes	1
2025/PES_03/017844	***9122**	Carlos Bernárdez Castro	1
025/CCP_01/001476	G72775133	Proxecto Vieiros	1
2025/CCP_01/001335	***6406**	Isabel Fra Pedre	1
2025/CCP_01/001342	***3653**	Rosa González Romeo	1
2025/PES_03/017456	***9789**	Natalia Yáñez del Río	1
025/CCP_01/001380	J27499086	Mariña e Yáñez SC	1
2025/CCP_01/001433	***7524**	María Luz Penín Rouco	1
2025/CCP_01/001467	***8179**	María Sánchez López	1
025/CCP_01/001489	***8060**	Iván Díaz Souto	1
2025/CCP_01/001361	J09844200	Gandería O Erbedal SC	1
2025/PES_03/017974	J27470939	La Cabreta SC	1
2025/CCP_01/001448	***5535**	Xulio Antón Castro Rivas	1
2025/CCP_01/001483	***8893**	Daniel Campuzano Lago	1
2025/CCP_01/001398	***8393**	Adrián Ramallal Freire	1
2025/PES_03/016587	***1528**	María Méndez Rodríguez	1
2025/PES_03/017268	***1528**	María Méndez Rodríguez	1
2025/CCP_01/001403	J27507482	Ganadería Tania e Lucía SC	1
2025/PES_03/017940	***4687**	Ana Pérez Boo	1
2025/CCP_01/001412	***6726**	Isaac López Moldes	1
2025/CCP_01/001375	***6929**	María Reyes Otero García	1
2025/PES_03/016991	***4086**	Jessica Fernández Río	1
2025/CCP_01/001383	***6919**	Jesús Fernando Chousa García	1
2025/PES_03/018212	***9078**	José Antonio da Mota Costa	1
2025/CCP_01/001418	J27304559	San Salvador SC	1
2025/CCP_01/001426	***6268**	Matías González Mariño	1
2025/CCP_01/001452	***7259**	Roi López Carmona	1
2025/CCP_01/001458	***6128**	Xosé Fernández López	1

2025/CCP_01/001470	B56553084	Granxa Casa da Fonte SL	1
2025/CCP_01/001336	***4549**	María Vanesa Goyanes Álvarez	1
2025/CCP_01/001463	***29184**	Alejandro Burgo Lázare	1
2025/CCP_01/001341	J70782669	Ganadería Casa das Moas, SC	1
2025/CCP_01/001367	***3207**	Ignacio Ares Rodríguez	1
2025/PES_03/017402	***8071**	Eladio Basanta Oroza	1
2025/CCP_01/001379	***6936**	Antonio Yáñez Rúa	1
2025/CCP_01/001465	***6040**	Rocío Campos Adrio	1
2025/CCP_01/001346	***8117**	Martín Martínez Ocampo	1
2025/CCP_01/001482	***8078**	Hermelino Javier Sixto Trigo	1
2025/CCP_01/001461	J09948282	Lembraeco SC	1
2025/CCP_01/001488	***6100**	Luis Tella Neira	1
025/PES_03/017945	***2676**	María Luisa Naveira Díaz	1
2025/PES_03/017888	***0440**	María Carmen Santín López	1
2025/CCP_01/001411	***4111**	Fernando López García	1
025/CCP_01/001405	***5033**	Oliva Díaz Fernández	1
2025/CCP_01/001459	***8274**	María Teresa Jiménez Horwitz	1
2025/CCP_01/001481	J67846832	Castro Días Productores SC	1
2025/CCP_01/001447	***2826**	Abel Valle Paz	1
2025/CCP_01/001338	***6774**	María Virginia Rodríguez López	1
2025/CCP_01/001468	***4463**	Carlos Teijeiro Vázquez	1
2025/CCP_01/001473	G42882704	Fundación Terreo	1
2025/CCP_01/001329	***6194**	José Agrelo Tella	1
2025/CCP_01/001354	J27434901	Brais SC	1
025/CCP_01/001395	***7027**	Ramón Varela Rois	1
025/CCP_01/001431	***7027**	Ramón Varela Rois	1
025/CCP_01/001404	***6806**	María Victoria Álvarez García	1
025/PES_03/017219	***9348**	Fátima Lindín Méndez	1
2025/CCP_01/001464	***4716**	José Vega Eiras	1
025/CCP_01/001408	***4847**	Borja Campo Regueiro	1
2025/PES_03/018018	***1403**	Álvaro López Fernández	1
2025/CCP_01/001478	***3906**	Fernando Saavedra Portela	1
2025/PES_03/018001	***6096**	Mª del Carmen Balado Alvarez	1
025/PES_03/017942	***5154**	José Antonio López López	1
2025/CCP_01/001427	***4020**	Iván Uz López	1

2025/CCP_01/001434	***8727**	María Elena Risquete López	1
2025/PES_03/017944	***7927**	Javier López Aldegunde	1
2025/PES_03/017947	***4077**	Xosé Antón Balado Álvarez	1
025/CCP_01/001396	***9496**	Rosa María Rivas Hermida	1
2025/CCP_01/001358	***6345**	María Josefa Fernández Bermúdez	1
2025/CCP_01/001402	***6345**	María Josefa González Bermúdez	1
2025/CCP_01/001484	***2427**	Eugenio Lorenzana Eiriz	1
2025/PES_03/016711	***1041**	José Manuel Díaz Fernandez	1
2025/CCP_01/001474	***4183**	José Antonio García Teijeiro	1
2025/CCP_01/001325	***0683**	Purificación Fuente Maceda	2
2025/CCP_01/001492	***3773**	Estefanía López Vázquez	1
2025/CCP_01/001388	***8174**	Gaudencio Pérez Pérez	3

Motivos desestimación:

- 1.- Esgotamento orzamento.
- 2.- Non practicar silvopastoreo con gando cabrún, ovino ou porcino (Base 4).
- 3.- Non acreditar estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

De acordo coa Base 9 da convocatoria, procédese á notificación ás interesadas do Acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar alegacións.

Lugo, 28 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 25 de xuño de 2025, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 3375

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ANUNCIO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 25 DE NOVIEMBRE DE 2025 NA QUE SE FIXAN OS CRITERIOS POLOS QUE SE REXE A INCORPORACION DE PERSOAL PARA PRESTAR SERVICIOS TEMPORAIS NA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO.

Por resolución da presidencia de data 25 de novembro de 2025, aprobáronse os criterios polos que se rexerá a incorporación de persoal para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, tendo o seguinte contido íntegro:

“1. CRITERIOS XERAIS.

Será obxecto desta resolución regular a cobertura de prazas de carácter temporal, a través das listaxes resultantes dos diferentes procesos selectivos que se leven a cabo na entidade.

Na Deputación Provincial de Lugo, a selección de persoal para desempeñar temporalmente algún posto de traballo, xa sexa como persoal funcionario ou laboral, realizarase polo sistema establecido nas bases que regulen os correspondentes procesos selectivos, previa convocatoria pública no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo, taboleiro de edictos e páxina web da entidade.

Así mesmo, co obxecto de axilizar os procesos selectivos e acurtar o período de incorporación ao servizo para aproveitar ao máximo a subvención concedida, nos supostos de selección de persoal temporal retribuído con cargo a subvencións externas para prestar servizos conxunturais en base á correspondente subvención, o sistema ordinario de selección será o de concurso de méritos. Efectuarase previa convocatoria pública e publicidade suficiente para garantir a concorrencia das persoas aspirantes, realizándose a través da Oficina do Servizo Público de Emprego cando así o determine a convocatoria da subvención con cargo á que se

retribúe, ou cando se considere máis axeitado. Tamén se fará público o anuncio da convocatoria na BOP de Lugo e na páxina web e taboleiro de edictos da entidade. Con carácter xeral, nestes supostos, a permanencia na listaxe estará vencellada á subvención concedida e só en relación coa mesma.

Estes criterios formarán parte das bases de cada convocatoria, nas que se fará referencia expresa aos mesmos así como ao BOP no que figuren publicados.

2. MODO DE ELABORACIÓN DAS LISTAXES DE ASPIRANTES A PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS.

As listaxes de aspirantes a prestar servizos de carácter temporal, xa sexa como persoal funcionario ou como persoal laboral, formaranse como consecuencia dos procesos de selección para o acceso á condición de funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo ou das probas de selección de persoal temporal que, con carácter de urxencia, se convoquen de forma específica.

A incorporación inicial ás listaxes realizarase tendo en conta a relación de aspirantes propostos polos tribunais cualificadores para prestar servizos de carácter temporal, establecéndose para estes efectos a orde da listaxe de emprego.

No caso de que nas probas de acceso a unha mesma praza/posto/emprego, algunha das probas se supere coa cualificación de apto/a ou se exima da súa realización mediante a presentación do correspondente certificado, mentres que noutros supostos se empregue cualificación numérica, deberá eliminarse do cómputo o dito exercicio ou proba.

3. DURACIÓN DAS LISTAXES E PERÍODO DE PERMANENCIA.

3.1. DURACIÓN DAS LISTAXES.

As listaxes renovaranse despois de que se resolvan as convocatorias dos respectivos procesos selectivos para o acceso a unha praza/posto/emprego determinado. Aprobadas estas novas listaxes perderán validez as que ata entón estivesen vixentes, extinguíndose o dereito a permanecer nestas unha vez aprobadas as novas, coa excepción das que estiveran vixentes con anterioridade á aprobación da presente resolución.

Poderá darse por caducada unha listaxe cando polo transcurso do tempo, ou por outras circunstancias, se considere que se modificaron as características do posto de traballo a desempeñar ou as circunstancias do servizo. Neste suposto convocarase un novo proceso selectivo. En calquera caso a permanencia nas listaxes poderá revisarse aos 2 anos a contar dende o día seguinte á resolución da presidencia pola que se aproben as mesmas.

3.2. PERÍODO DE PERMANENCIA NAS LISTAXES.

Aquelas persoas que realicen unha prestación de servizos de carácter temporal inferior a 1 ano terán dereito, unha vez rematada esta, a reincorporarse á listaxe, segundo a orde de prelación que lle corresponda, e poderán acceder a unha nova prestación de servizos ata acadar un período máximo de 1 ano.

3.3. VINCULACIÓN LABORAL DO PERSOAL TEMPORAL COA ENTIDADE.

A vinculación laboral do persoal temporal da Deputación, realizarase preferentemente como persoal funcionario interino nas distintas modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en adiante EBEP.

Cando non se poida acudir ao nomeamento como persoal funcionario interino formalizarase relación laboral temporal na modalidade que corresponda.

O primeiro nomeamento como persoal funcionario interino nun determinado corpo, escala ou especialidade estará suxeito a un período de proba segundo o recollido no artigo 24.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia. O dito período terá unha duración de tres meses para os corpos, escalas ou especialidades do grupo A; dous meses para o grupo B e un mes para os corpos, escalas ou especialidades do grupo C e da agrupación profesional de persoal funcionario. A non superación do período de proba implicará o cesamento da persoa nomeada como persoal funcionario interino e a baixa na listaxe correspondente durante un período máximo de seis meses. O regulado neste apartado con respecto ao período de proba non será aplicable para as persoas nomeadas funcionarias interinas que acrediten discapacidade intelectual.

O período de proba do persoal laboral axustarase ao establecido no artigo 31.11 do convenio colectivo único para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP 30.08.1990) en relación coa actual clasificación de grupos do TREBEP. Non se poderá fixar novo período de proba para aquelas persoas que xa o superasen nunha ocasión anterior nas funcións para as que vaian ser contratadas. Non obstante, o período de proba non será aplicable para as persoas contratadas como persoal laboral temporal que acrediten discapacidade intelectual.

De conformidade coas bases que veñen rexendo os concursos para a provisión de prazas de persoal laboral fixo, o período de proba establécese con carácter xeral en 15 días. En todo caso tal período nunca poderá exceder do seguinte cadro:

- Persoal do Grupo A Subgrupo A1: tres meses.
- Persoal do Grupo A Subgrupo A2 e Grupo B: dous meses.

- *Persoal do Grupo C Subgrupo C1 e C2: un mes.*
- *Persoal do Grupo AP: quince días.*

4. MODO DE REALIZAR OS CHAMAMENTOS.

As persoas integrantes das listaxes estarán nalgunha das seguintes situacións:

- *Activo/a: cando a persoa aspirante tome posesión ou sexa contratado/a, no posto ofertado.*
- *Dispoñible: cando a persoa aspirante estea á espera de recibir unha oferta de prestación de servizos temporais.*
- *En suspensión: cando a persoa aspirante rexeite un nomeamento ou contratación ou solicite pasar a esta situación, por causa xustificada e debidamente acreditada.*
- *Excluído/a: cando a persoa aspirante rexeite un nomeamento sen acreditar causa xustificada para pasar á situación de suspensión.*

Os chamamentos faranse telefonicamente e por correo electrónico, entre as 9:00 e as 15.00 horas. A persoa funcionaria que os realice fará constar, mediante dilixencia, a realización de tales chamamentos, con indicación de se tiveron ou non resposta, da data e a hora en que se efectúan e da identidade da persoa receptora da chamada, en caso de ser distinta á da persoa aspirante.

As persoas candidatas disporán dun prazo de 2 días para aceptar ou renunciar. No caso de que no prazo indicado non se teña contestación, a persoa aspirante quedará excluída con carácter definitivo da correspondente listaxe, e efectuarase chamamento ao/á seguinte candidato/a.

Cando as necesidades de cobertura dun posto fosen moi urxentes, non podendo esperar os 2 días previstos no parágrafo anterior, e así estivese acreditado suficientemente, o chamamento poderá realizarse exclusivamente de forma telefónica. No caso de que non se dea resposta á chamada, chamarase ao/á seguinte aspirante da listaxe sen que a persoa aspirante que non contestou sexa excluída da mesma.

Durante a vixencia dunha listaxe, manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de efectuar os chamamentos:

a) A mellora de emprego suporá o ofrecemento, por unha soa vez durante a vixencia da listaxe e por orde de prelación na mesma, dun nomeamento en praza vacante (suposto 10.1.a) do EBEP) ou no suposto de ofrecemento para a execución de programas de carácter temporal (suposto 10.1.c) do EBEP).

b) Cando se produza a necesidade de efectuar nomeamentos para cubrir interinidades de prazas vacantes, os chamamentos iniciaranse, segundo a orde de prelación da listaxe, ofertando a incorporación tamén a aquelas persoas que xa estean prestando servizos na entidade no momento do chamamento e realizando, en caso de renuncias, sucesivos chamamentos ata que se produza a cobertura da praza correspondente.

c) Seguirase o mesmo criterio que o sinalado no apartado anterior cando se produza a necesidade de efectuar nomeamentos como consecuencia da execución de programas de carácter temporal, cuxa duración se presuma vai ser maior que os nomeamentos de persoal funcionario interino xa efectuados polas circunstancias recollidas no art. 10.1 b) ou d), substitución de titular ou acumulación de tarefas.

5. SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS.

Esta situación permitirá manter o número de orde na correspondente listaxe e prolongarase durante o tempo que se manteña a causa que a motiva.

A suspensión terá que solicitarse, e acreditar a causa documentalmente, tanto ao inicio como á finalización, no prazo de 5 días. O incumprimento da obriga de comunicación no prazo sinalado suporá a exclusión da listaxe. A solicitude de suspensión terá efectos para todas as listaxes en que estea inscrita a persoa solicitante desde o día seguinte á súa presentación.

Son causas xustificadas de suspensión de chamamentos as seguintes:

- a) Enfermidade ou accidente que incapacite temporalmente para o traballo, incluído a incapacidade temporal por risco durante o embarazo.*
- b) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal.*
- c) O desempeño de servizos, no momento de ser chamado/a, en calquera administración pública ou empresa privada ou estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as (RETA).*
- d) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de vítimas de violencia de xénero.*

6. CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA LISTAXE.

Quedarán excluídas da correspondente listaxe, con carácter definitivo, as persoas que:

- a) Rexeiten o chamamento sen acreditar causa xustificada para pasar á situación de suspensión.*
- b) Cando non respondan ao chamamento, no prazo de 2 días.*

c) Cando sexa imposible a súa localización telefonicamente ou por correo electrónico segundo os modos de chamamento establecidos no punto 4.

d) Cando non se presenten para tomar posesión ou formalizar o contrato, na data para a que foran convocados/as.

e) Cando cesen voluntariamente durante a vixencia dun nomeamento ou contrato.

f) Nos casos de separación do servizo por sanción disciplinaria.

g) Renuncien expresamente e por escrito a formar parte da listaxe.

h) Cando ocupen, con carácter definitivo, unha praza na entidade.

7. DOCUMENTACIÓN.

As persoas que acepten o chamamento para a súa incorporación á prestación de servizos, deberán presentar os documentos auténticos, validados ou compulsados que a continuación se sinalan, en caso de que non obren en poder da entidade, nos lugares e no prazo se indica nas bases xerais do correspondente proceso selectivo:

a) Título ou certificado do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da toma de posesión ou contratación.

d) Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións da praza convocada.

e) As persoas con discapacidade que accedesen ás listaxes facendo valer esta condición, certificación que acredite tal condición e certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións propias da praza convocada.

f) No caso de nacionais doutros estados nos casos previstos no art. 57 do RDL 5/2015 e 52 da Lei 5/2015 do emprego público de Galicia, a documentación que acredite a súa condición.

g) Tarxeta da Seguridade Social.

h) Número de conta bancaria.

i) A documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

8. APLICACIÓN.

Os criterios sinalados aplicaranse ás listaxes vixentes no momento de aprobación desta resolución, así como ao persoal que se incorpore a partir das listaxes que se formen con posterioridade.

9. INFORMACIÓN Á XUNTA DE PERSOAL E COMITÉ DE EMPRESA.

Conforme ao determinado no Acordo Marco Único para persoal funcionario (AMU) e convenio colectivo único para persoal laboral (CCU) da Deputación Provincial, de toda incorporación a prestación de servizos darase conta á Xunta de Persoal e Comité de Empresa.

10. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.

Os datos persoais recollidos no marco do presente procedemento serán tratados pola Deputación de Lugo na súa condición de responsable do tratamento, conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, Xeral de Protección de Datos (RGPD), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade do tratamento é a xestión das listaxes que se confeccionen para a cobertura temporal de prazas na Deputación Provincial e os nomeamentos/contratacións derivados das ditas listaxes. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados a través dos distintos medios de comunicación e de difusión institucionais de que dispón a Deputación de Lugo (diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios).

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento ou portabilidade a través da sede electrónica da Deputación de Lugo ou no Rexistro Xeral da mesma, en Rúa San Marcos, 8, Lugo, e segundo consta en <https://deputacionlugo.gal/lopdp>. Así mesmo, poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se consideran vulnerados os seus dereitos.

Á vista do anterior, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 54 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, **RESOLVA:**

1º. Deixar sen efecto os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas:

29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

2º. *Aprobar os criterios anteriormente transcritos, que rexerán no sucesivo a incorporación de persoal para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo.*

3º. *Publicar o contido íntegro da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade, que entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación”.*

Polo anteriormente exposto e, en uso da facultades que lle confire esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Lugo, 26 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3358

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 27 de novembro de 2025, o orzamento municipal e o cadro de persoal para o exercicio 2026, así como a relación de postos de traballo municipal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como do artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por un prazo de quince días hábiles, no caso do orzamento e do cadro de persoal, e de 20 días, no caso da relación de postos de traballo, co fin de que durante este prazo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 27 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 3363

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2025, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 6/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de CENTO VINTE E SETE MIL EUROS (127.000,00 €), quinto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 27 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 3364

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 49/2025 na modalidade “Suplemento de Crédito e crédito extraordinario 1/2025”

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 27/11/2025, prestoulle aprobación inicial á modificación de créditos nº 49/2025, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario 1/2025.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, contra o que poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Foz, 27 de novembro de 2025.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3365

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 6/2025, (segundo de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día sete de outubro de dous mil vinte e cinco, por un importe total de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal	1.406.315,83.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.543.046,10.-
3.- Gastos financeiros	22.887,10.-
4.- Transferencias correntes	151.073,86.-
6.- Inversións reais	1.574.962,54.-
7.- Transferencias de capital	66.137,70.-
8.- Activos financeiros	0,00.-
9.- Pasivos financeiros	0,00.-
SUMA TOTAL	5.764.423,13.-

Modifícase o anexo de inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 24 de novembro de 2025.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3341

LÁNCARA

Anuncio

Información pública aprobación inicial orzamento xeral 2026.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria realizada o día 27 de novembro de 2025 aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do exercicio de 2026, as bases de execución e o cadro de persoal.

O que se fai público a fin de que, durante o prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento Xeral do Concello de Láncara entenderase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo de 1 mes para resolvelas.

Láncara, 27 de novembro de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3366

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Oficial Sepultureiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente a OEP 2020 e 1 pertencente á OEP 2021), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 13/800 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRA/O PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 E OEP 2021.

- Polo DECRETO Nº 6319/2023 do 13/07/2023 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRA/O PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 E OEP 2021. que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 166 do 20 de Xullo de 2023 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 175, do 14 de Setembro de 2023. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 246, do 14 de Outubro de 2023.

- Con data do 13 de Novembro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 4510/2025 do 08/05/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 6319/2023 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade DÚAS PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRA/O PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 E OEP 2021.

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 111 , do 16 de maio de 2025.

- Con data do 30 de maio de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendadas.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 20 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Tendo en conta o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto N °6319/2023 do 13/07/2023 para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial Sepultureiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020 e OEP 2021), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI
ROZAS LOSADA, JOSE MANUEL	***4715**

EXCLUÍDOS/AS:

Ninguén.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.

R. 3343

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Operario/a de Cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2020), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2023 , adoptou, entre outros, o acordo 31/598 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL(OEP 2020).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 11 de Outubro de 2023 , adoptou o acordo 10/754 de RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 31/598 APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓN PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 22 de Novembro de 2023, adoptou, o acordo 12/872 de RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 10/754 RELATIVO ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2020)

- Polo Decreto Nº: 6641/2023 de data 31/07/2023 (modificado polo Decreto nº 11282/2023 de data 14/12/2023), resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso a unha praza de Operario/a de Cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservado a persoas con Discapacidade (OEP 2020), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 31/598, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 26 de Xullo de 2023 (modificado polo acordo 10/754 do 11/10/2023, e polo acordo 12/872 do 22/11/2023).

Dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 179, do 5 de Agosto de 2023 e as modificacións no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 291, do 21 de Decembro de 2023, extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 50 de 11 de Marzo do 2024. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 84 do 5 de Abril do 2024.

- Con data do 6 de Maio do 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 4515/2025 do 08/05/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 6641/2023 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL(OEP 2020).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 111, do 16 de maio de 2025.

- Con data do 30 de maio de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 21 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Por todo o anteriormente exposto, as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 6641/2023 do 31/07/2023 (modificado polo Decreto Nº11282/2023 do 14/12/2023) a unha praza de Operario de Cemiterio pertencente o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Ninguén.

EXCLUIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de exclusión
MASEDA MOURELLE, PABLO	***3983**	(2)
VILLARINO SANCHEZ, GUILLERMO ANGEL	***1737**	(1)

(1): Non aportar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

(2): Aportar certificado que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza, non válido.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 21 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 3344

Anuncio**DECRETO**

Ilma. Sra. Dona Ana M.^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Encargado/a monitor/a de Educación Vial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2020), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo 28/595 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENCARGADO/A MONITOR/A DE EDUCACIÓN VIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2020).

- Polo DECRETO Nº: 6639/2023 do 31/07/2023 resolveuse aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade dunha praza de Encargado/a monitor/a de educación vial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OPE 2020).

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 179 do 5 de agosto de 2023 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 175, do 14 de setembro de 2023. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 246, do 14 de outubro de 2023.

- Con data do 13 de novembro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 4508//2025 do 08/05/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 6639/2023 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE ENCARGADO/A MONITOR/A DE EDUCACIÓN VIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2020).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 111, do 16 de maio de 2025.

- Con data do 30 de maio de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.
- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 21 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Tendo en conta o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a monitor/a de educación vial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI
REIGOSA MOURIZ, JOSE RODRIGO	***3977**

EXCLUÍDOS/AS:

Ninguén.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 21 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 3345

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Oficial albanel pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2020), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 26 de Xullo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo 29/596 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL ALBANEL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 .

- Polo DECRETO Nº 6638/2023 do 31/07/2023 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL ALBANEL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 26 de Xullo de 2023.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 179 do 5 de Agosto de 2023 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 175, do 14 de Setembro de 2023. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 246, do 14 de Outubro de 2023.

- Con data do 13 de Novembro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 5928/2025 do 13/06/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 6638/2023 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL ALBANEL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 145 , do 26 de xuño de 2025.

- Con data do 10 de xullo de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 21 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Por todo o anteriormente exposto, en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 6638/2023 do 31/07/2023 para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Albanel pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI
LOPEZ IGLESIAS, ALEJANDRO MANUEL	***0950**

EXCLUÍDOS/AS:

Ninguén.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 21 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 3346

MONDOÑEDO*Anuncio***APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2026**

D.MANUEL ANGEL OTERO LEGIDE, Alcalde do Concello de Mondoñedo, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Na sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro do 2025, o Pleno da Corporación municipal aprobou provisionalmente o Orzamento Xeral do Concello de Mondoñedo para o exercicio 2026.

En aplicación do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2014, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, iníciase un prazo de información pública de quince días, durante os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas na defensa dos seus intereses. Transcorrido o dito prazo sen que se presentara alegacións algunha, o Orzamento entenderase aprobado definitivamente.

Mondoñedo, 27 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 3367

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

De conformidade coa Resolución de Alcaldía núm. 0631-2025 de data 20 de novembro de 2025 por medio do presente anuncio efectúase convocatoria da poxa para o alleamento do seguinte ben non utilizable, conforme aos seguintes datos:

1. Descrición do ben ou dereito, ou do lote de bens obxecto de venda:

Descrición do ben:	TURISMO Matrícula: LU-1317-J Marca- Renault Modelo- Express Número de bastidor: VS5F40205H002092 Ano 1º matriculación: 1987
--------------------	--

2. O prazo para a presentación de ofertas será de 15 días naturais desde o día seguinte ao de publicación en o Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio.

Forma de Presentación

Manual- SOBRES

SOBRE A" Documentación Administrativa

SOBRE B" Oferta Económica

Modalidade de presentación:

Lugar de presentación: CONCELLO DA POBRA DO BROLLON-

- ✓ Dependencia. Rexistro
- ✓ Domicilio. Avda. de Galicia, 50
- ✓ Localidade e código postal. A Pobra do Brollón, 27330
- ✓ dirección electrónica: secretaria@concelloapobradobrollon.gal

3. A celebración da poxa terá lugar o día hábil seguinte ao prazo de remate da presentación seguintes:

4. O tipo da poxa é **Á ALZA**

5. O prego de condicións particulares atópase a disposición dos interesados nas oficinas municipais e na Sede Electrónica <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

A Pobra do Brollón, 21 de novembro de 2025.- O ALCALDE, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3347

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa (TERRAZAS-BAR), para o exercicio 2025 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 14 de novembro de 2025, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa (TERRAZAS-BAR), para o exercicio de 2025, polo importe de vinte e un mil cento setenta e sete con sesenta e cinco euros (21.177,65 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o entre o 26 de Novembro de 2025 e o 26 de xaneiro de 2026, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 17 de novembro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3348

TRABADA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2025/0450 de data 13 de novembro de 2025 o Padrón de vados correspondente ó exercicio de 2025, ponse en coñecemento dos contribuíntes incluídos no mesmo que de conformidade co disposto no artigo 99.8 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, dispoñen dun prazo de quince días ,contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín oficial da Provincia, a efecto de exame e reclamacións. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso administrativo, perante a alcaldía nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública.

O presente anuncio de aprobación do padrón ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

De conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria fíxase como período voluntario de cobro dende o día 01/12/2025 ata 01/02/2026, ámbolos dous inclusive.

Trabada, 13 de novembro de 2025.- O Sr. alcalde, Rubén García Freije.

R.3349
